



Expediente	Procesos selectivos convocados para cubrir prazas vacantes, pola quenda de promoción interna, incluídas na Oferta de Emprego Público OEP do ano 2017.
Trámite	Anuncio relativo á elevación a definitiva a relación provisional de aspirantes admitidos e excluídos en determinados procesos selectivos e se sinalan datas de constitución de Tribunais cualificadores e de realización do primeiro exercicio e nomeamento de asesores para corrección dos exercicios tipo test.

O concelleiro de goberno delegado da área de Réxime Interior, Persoal e Patrimonio, en data 20.03.2019, ditou a seguinte resolución:

“No Boletín Oficial da Provincia de 01.03.2019 (BOP nº 43), publicouse o anuncio relativo á resolución do concelleiro de goberno delegado da área de Réxime Interior, Persoal e Patrimonio, de data 26.02.2019, pola que se aprobou a relación provisional de aspirantes admitidos e excluídos e a composición dos Tribunais cualificadores para determinados procesos selectivos convocados para cubrir prazas vacantes incluídas na oferta de emprego público (OEP) 2017, pola quenda de promoción interna.

Concluído o prazo de 10 días para presentación de subsanacións ou reclamacións contra a devandita resolución, sen se presentar reclamación ningunha, esta concellería de goberno, de conformidade coas bases aprobadas e en exercicio das súas atribucións delegadas por la Alcaldía (Decreto de 21.04.2017),

RESOLVE:

Primeiro.- Elevar a definitiva a lista provisional de admitidos e excluídos dos procesos selectivos incluídos na resolución desta concellería de data 26.02.2019, publicada no BOP nº 43 de data 01.03.2019.

Segundo.- Determinar as datas de constitución dos tribunais cualificadores e de realización do primeiro exercicio dos procesos selectivos que se relacionan:

a) 4 prazas de Administrativo.

- Constitución do Tribunal e baremo de méritos: día 26.03.2019, ás 09:00 horas, na sala de xuntas da planta baixa do edificio municipal da rúa Michelena, 30.

- Realización do primeiro exercicio: día 27.03.2019, ás 13:00 horas, na sala Liñares do edificio municipal da rúa Sor Lucía.

b) 2 praza de Auxiliar administrativo.

- Constitución do Tribunal e baremo de méritos: día 02.05.2019, ás 09:00 horas, na sala de xuntas da planta baixa do edificio municipal da rúa Michelena, 30.

- Realización do primeiro exercicio: día 07.05.2019, ás 11:00 horas, na sala Bolechas do edificio municipal da rúa Sor Lucía.

c) 2 prazas de Oficial de obras.

- Constitución do Tribunal e baremo de méritos: día 08.04.2019, ás 09:00 horas, na sala de xuntas da planta baixa do edificio municipal da rúa Michelena, 30.

- Realización do primeiro exercicio: día 10.04.2019, ás 13:00 horas, na sala de xuntas da planta baixa do edificio municipal da rúa Michelena, 30.

d) 1 praza de Sepultureiro.

- Constitución do Tribunal e baremo de méritos: día 08.04.2019, ás 11:00 horas, na sala de xuntas da planta baixa do edificio municipal da rúa Michelena, 30.

- Realización do primeiro exercicio: día 11.04.2019, ás 13:00 horas, na sala de xuntas da planta baixa do



edificio municipal da rúa Michelena, 30.

e) 1 praza de Conductor mecánico.

- Constitución do Tribunal e baremo de méritos: día 08.04.2019, ás 13:00 horas, na sala de xuntas da planta baixa do edificio municipal da rúa Michelena, 30.

- Realización do primeiro exercicio: día 12.04.2019, ás 13:00 horas, na sala de xuntas da planta baixa do edificio municipal da rúa Michelena, 30.

Terceiro.- Os aspirantes deberán presentarse para a realización de cada exercicio provistos do DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal, así como dos medios materiais adecuados e necesarios para a práctica dos exercicios.

Cuarto.- Nomear como asesores dos tribunais cualificadores para a realización de tarefas informáticas de corrección do primeiro exercicio tipo test, dos procesos selectivos que o precisen, aos funcionarios municipais:

- José Ramón Rodríguez Tourón, xefe do Servizo de Informática.

- Santiago Pérez Agra, técnico medio informático do Servizo de Informática.

Quinto.- A presente resolución publicarase no BOP e no Taboleiro de edictos do Concello, situado no baixo do edificio Michelena 30, para xeral coñecemento aos efectos previstos nas bases da convocatoria e, de forma complementaria, na Sede Electrónica do Concello de Pontevedra cuxa dirección é <http://sede.pontevedra.gal> .”

Recursos procedentes.- Contra a precedente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse ben o recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que a ditou e no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación, ao amparo do establecido no artigo 124.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas ou ben o recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa notificación ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Pontevedra.

Pontevedra, á data da sinatura.

A Secretaria Accidental,

